



Curso "Transformando relacións e construíndo comunidades: Introducción ás prácticas restaurativas e círculos restaurativos"

DOCENTE

Jean Joseph Schmitz.

ORGANIZA

Comisión Intersectorial de Mediación do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Nuria González Lois (G-1578).

DURACIÓN

8 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 14 de outubro de 2023.
De 09:30 a 13:30 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

LUGAR

Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela.

PRAZAS

60.

PREZOS

Psicólogos e psicológas inscritas no rexistro de mediación do COPG.....	Gratuito
Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento.....	25,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....	50,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....	100,00€



Curso "Transformando relacións e construíndo comunidades: Introducción ás prácticas restaurativas e círculos restaurativos"

PROGRAMA

Introdución ás prácticas restaurativas.

- A historia de María.
- Que son ás prácticas restaurativas?
- Da xustiza restaurativa ás prácticas restaurativas.
- Beneficios e aplicacións das prácticas restaurativas en diferentes contextos.
- Aspectos esenciais das prácticas restaurativas.
 - A ventá da disciplina social.
 - Proceso xusto.
 - Preguntas restaurativas.
 - Vergoña e os afectos.
 - Espectro das prácticas restaurativas.

Preparación e facilidade de círculos de diálogo/restaurativos.

- Os círculos restaurativos (Por que?, para que?, tipos de círculos?, preparación).
- Prácticas de círculos para crear un sentido de comunidade.
- Práctica de preparación de círculos.
- Práctica da peixeira para resolver problemas e conflitos.
- Perfil do facilitador de círculo.

OBXECTIVOS

- Comprender os principios fundamentais das prácticas restaurativas.
- Aprender a facilitar círculos de diálogo/restaurativos.
- Explorar as aplicacións prácticas das prácticas restaurativas en diversos ambientes (Educativo, penal, comunitario, laboral).
- Desenvolver habilidades de escoita activa, empatía e resolución de conflitos.

METODOLOXÍA

Basearase nun enfoque participativo e de experiencias, fomentando a interacción e o aprendizaxe práctico dos participantes. Utilizaranse diversas estratexias e técnicas didácticas para garantir unha experiencia de aprendizaxe enriquecedora, entre as cales se inclúen:

- Exposición teóricas.
- Estudo de casos.
- Traballo en grupos.



Curso "Transformando relacións e construíndo comunidades: Introducción ás prácticas restaurativas e círculos restaurativos"

- Prácticas de facilidade de círculo.
- Reflexión e debates.
- Recomendacións finais para seguir explorando e practicando as prácticas restaurativas.

Recursos complementarios (material de lectura, vídeos e recursos en liña para completar o contido do curso).

Coa combinación destas metodoloxías garantirase unha experiencia de aprendizaxe dinámica, participativa e significativa, brindando aos participantes as ferramentas necesarias para comprender, aplicar e facilitar prácticas restaurativas e círculo de diálogo/restaurativos no seus respectivos contextos.

DOCENTE

JEAN JOSEPH SCHMITZ

Mestre en ciencias políticas, económicas e sociais da Universidade Católica de Louvaina (Bélgica) e en ciencias das prácticas restaurativas do International Institute for Restorative Practices (EEUU).

Co-director e docente de posgrao de experto universitario en prácticas restaurativas da Universidade a Distancia de Madrid e da Escola Española de Mediación e Resolución de Conflitos. Consultor internacional en xustiza e prácticas restaurativas con máis de vinte anos en América Latina, no Caribe e en España. Promotor e director executivo do Primeiro Congreso Mundial de Xustiza Xuvenil Restaurativa (2009 Lima - Perú), sendo o delegado da Fundación Terre des hommes no Perú na cal se redactou a Declaración de Lima, recoñecida polas Nacións Unidas: https://tdh-latam.org/wp-content/uploads/2018/03/Declaracion_de_Lima.pdf.

O proxecto de Xustiza Xuvenil Restaurativa que promoveu en Perú foi gañador no 2010 do Premio Verillard Cybuslki outorgado pola Asociación de Xuíces e Maxistrado da Familia e Xuventude. Foi director de múltiples proxectos sociais por diversas organizacións internacionais desde 1983 en varios países de América Latina, Caribes e África.

Realizou consultarías ou acompañamentos de proxectos e programas de prácticas restaurativas con institucións públicas e organizacións da Sociedade Civil en varios países de América Latina e en diversos ámbitos (Penal, escolar, comunitario, laboral e familiar). É membro honorario da Academia Mundial de Xustiza Restaurativa e membro activo da Rede Colaborativa de Diálogo e Paz. É autor de diversos artigos e manuais/guías e vídeos sobre a Xustiza Xuvenil Restaurativa e Prácticas Restaurativas.



Curso "Transformando relacións e construíndo comunidades: Introducción ás prácticas restaurativas e círculos restaurativos"

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas inscritas no rexistro de mediación do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 4 de outubro de 2023.